



**NARÓN**

**Datos Do Expediente:**

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas – BRA	
Número expediente:	Documento:
CON/89/2012	CONXI0JR
210B5N0G6D6V123Z18F1	

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA APERTURA DO SOBRE “C” QUE CONTEN A DOCUMENTACIÓN COS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES E POSTERIOR PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE HARDWARE E SOFTWARE ESTÁNDAR DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

**Presidente:** D. Guillermo Sánchez Fojo. (alcalde accidental)

**Vogais:**

Dna. Pilar Suanzes Hyde (secretaria xeral accidental)  
D. Manuel G. Antón Villamil (interventor accidental)  
D. Manuel Rodríguez Álvarez (técnico de información e comunicación)

**Secretario:**

Ignacio Mazaira Garro (xefe da Sección Contratación)

Na Sala de Reunións da Casa do Concello, coa asistencia das persoas anteditas e os representantes dunha empresa licitadora, en cumprimento do previsto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares que regula a contratación do devandito servizo, co gallo de tratar os dous puntos da orde do día:

- Dar conta da puntuación acordada para a documentación contida no sobre B: criterios non avaliados mediante cifras ou porcentaxes
- Apertura sobre C: Criterios avaliados en cifras ou porcentaxes.

De conformidade co establecido na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares, regulador deste contrato, en concordancia co expresado no artigo 27 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público e, despois de anunciarse no perfil de contratante a convocatoria desta mesa para coñecemento dos candidatos que participaron na licitación, neste acto público de apertura, cabe manifestar que asistiu unha parte dos representantes dos candidatos participantes nesta licitación.

Sendo las 12.10 horas do día 23 de decembro de dous mil trece, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan, para a comunicación da puntuación acordada para a documentación contida no sobre B e a apertura dos sobres “C” relativos a os criterios avaliados de xeito automático” da empresa admitida á licitación.



**NARÓN**

Antes de proceder á apertura do sobre C o secretario procede á realización das formalidades contidas no artigo 83 do Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, dándose a coñecer o informe de valoración de ofertas, con criterios non valorados en cifras.

**DIXITAL INTERACTIVE DREAM SL:**

1. Valoración técnica: 20 puntos.
2. Redución dos tempos de resposta: 10 puntos.
3. Melloras: 10 puntos.

Concluída a lectura procédese á apertura do sobre C relativo aos criterios avaliados de xeito automático da empresa admitida na licitación:

**DIXITAL INTERACTIVE DREAM SL:**

Importe IVE excluído: 39.300,00 euros

IVE (21%): 8.253,00 euros

Importe total: 47.553,00 euros

% de baixa: 0,64%

➔ Rematada a lectura da oferta económica, a Presidencia invita aos representantes dos licitadores asistentes ao acto a que manifesten as dúbidas que se lle ofrezan ou aclaracións pertinentes.

**VALORACIÓN FINAL DAS OFERTAS ADMITIDAS.**

Sendo as 12 horas e 12 minutos da data sinalada anteriormente, e unha vez que o público abandona a sala, a Mesa procede á valoración da única oferta admitida, que cumpre co establecido no prego de cláusulas administrativas, polo que resulta a seguinte puntuación:

	DIXITAL INTERACTIVE DREAM SL
Valoración técnica	20
Redución dos tempos de resposta	10
Melloras	10
Oferta económica	60
<b>TOTAL</b>	<b>100</b>

A Mesa de Contratación acorda propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa DIXITAL INTERACTIVE DREAM SL, por ser esta a única oferta e cumprir cos pregos que rexen esta contratación.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 12 horas e 20 minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente acta, de cuxo contido eu o secretario dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente